

VECIÑANZA PRESENTARÁ NO PRÓXIMO PLENO UNHA MOCIÓN PARA A REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PARQUE DE MARÁNS

- *Veciñanza defende a necesidade de redactar un proxecto que promova a conservación e mellora da contorna do Monumento para poder incrementar o aproveitamento da zona e a súa posta en valor.*
- *O monumento do Sagrado Corazón de Xesús, do escultor Francisco Asorey, preside o entorno que se constitúe como miradoiro privilexiado sobre o casco urbano. Data de 1945 e na actualidade presenta un estado de conservación moi mellorable*

Cuntis, 14 de marzo de 2022

Veciñanza presentará na sesión plenaria da vindeira semana unha moción para a rehabilitación do Parque de Maráns. A iniciativa defende a necesidade **de redactar un proxecto que promova a conservación e mellora da contorna para poder incrementar o aproveitamento da zona e a súa posta en valor**. A súa localización representa unha magnífica oportunidade para acoller espazos orientados ao lecer e á cultura, respectando sempre a contorna natural na que se sitúa. Do mesmo xeito, Veciñanza propón valorar coidadosamente a posibilidade de tratar as especies de interese botánico do parque, a substitución das que carezan desa condición e a introdución de árbores autóctonas.

O Parque de Maráns, coñecido popularmente entre os veciños e veciñas de Cuntis como *O Monumento*, sitúase á saída do casco urbano en dirección a Cardecide, accedendo dende a vila pola rúa da Palma. O monumento do Sagrado Corazón de Xesús, do escultor Francisco Asorey, preside o entorno que se constitúe como miradoiro privilexiado sobre o casco urbano. Data de 1945 e na actualidade presenta un estado de conservación moi mellorable.

Esta intervención e a mellora da contorna, así como **o mantemento do espazo e a súa habilitación para o aproveitamento cultural e de lecer veñen sendo demandas veciñais reiteradas** que Veciñanza trasladará ao pleno da Corporación que se celebrará a vindeira semana.

